

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 29/08/2018, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira

Soledad Vilela Romero

Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

3º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:30** horas do día **29/08/2018** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 16 de Agosto de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte da Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á realización de obras dun paso e liña soterrada de Baixa Tensión con canalización de Tres metros da vía pública na Rúa Potiña s/n da Vila de Fisterra, debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Pablo López Alonso de data 6/07/2018 que consta no expediente; condicionada a:

1) Deberá informar ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito presentado no Rexistro Xeral de Entrada desta Corporación.-.

2) Os entullos de gabia deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado

3) Repoñerase ó estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades de materiais.

4) Presentación de Garantía mediante Aval Bancario ou metálico por importe de Dous mil catrocentos corenta e cinco euros con oitenta e un céntimos (2.445,81 €) co fin de garantir o coste de reposición da urbanización afectada.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:

-Once euros con cincuenta céntimos (11,50 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos. - en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

-Oitenta e catro mil vinte e nove céntimos (84,29 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15007) para proceder á realización de obras dun paso e liña soterrada de Baixa Tensión con canalización total de dezaoto metros da vía pública na Rúa Federico Ávila desta Vila de Fisterra, debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Pablo López Alonso de data 3/08/2018 que consta no expediente; condicionada a:

1) Deberá informar ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito presentado no Rexistro Xeral de Entrada desta Corporación.-.

2) Os entullos de gabia deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado

3) Repoñerase ó estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades de materiais.

4) Presentación de Garantía mediante Aval Bancario ou metálico por importe de Mil cincocentros sesenta e un euros con trinta e cinco céntimos (1.561,35 €) co fin de garantir o coste de reposición da urbanización afectada.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:

-Corenta e oito euros con nove céntimos (48,09 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos. - en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

-Seis euros con cincuenta e seis céntimos (6,56 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JOSÉ ANTONIO BUSTO POMBO, (Rexistro de Entrada 1.872 de 3/07/2018) para proceder á realización de obras consistentes na construción dun peche de 21,13 metros de longo e 1,70 metros de altura, con valado de madeira e base de 30 cm de formigón, a emprazar na parte traseira dunha vivenda (Referencia Catastral 8607423MH7580N0001IT),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 22 de Agosto de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de EUSTASIO LOZANO MERINO, (Rexistro de Entrada 1.620 de 12/06/2018) para proceder á realización de obras consistentes na reparación da cuberta dunha edificación do Colexio Nosa Sra. do Carme emprazado na Rúa Virxe das Areas, 14 (Referencia Catastral 8704003MH7580S0001RD),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 22 de Agosto de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JOSEFA LÓPEZ SENLLE, (Rexistro de Entrada 2055 de 17/07/2018) para proceder á substitución da tella deteriorada por outra nova no teito dunha vivenda (Referencia Catastral 8504507MH7580S0001UD),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 28 de Agosto de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **RAMÓN MATO ABELENDÁ**, (Rexistro de Entrada 1.872 de 3/07/2018) para proceder á realización de obras consistentes na instalación de madeira ou uralita baixo tella do país e a retirada do bloque da parede frontal con revestimento de pedra do galpón existente, (Referencia Catastral 0947919MH8514N0001IA),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 28 de Agosto de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ao promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **JAVIER FIDALGO, S.L.**, con NIF B-70436928 e domicilio social na localidade de Pereiriña s/n do Termo Municipal de Cee (Rexistro de Entrada 2.065 de 11/07/2018) para proceder á realización de obras consistentes na reparación de fachada e revisión de cuberta dunha vivenda unifamiliar (Referencia Catastral 8612072MH7581S0001OU),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 31 de Xullo de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

B) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Aprobar a modificación introducida no Proxecto Básico e de Execución redactado polo Arquitecto Pablo Santiberi Aguado visado en data 11 de abril de 2018 para levar a cabo a construción dunha vivenda unifamiliar con licenza urbanística concedida a MARIA JOSEFA RIVAS DOMINGUEZ, en sesión do día 25 de Maio de 2017 nunha parcela con Referencia Catastral 8607416MH7580N0001KT, manténdose tódalas condicións impostas no seu día.

2) Aprobar o Proxecto de Urbanización de obras Ordinarias sen visar redactado polo Arquitecto Pablo Santiberi Aguado que consta no expediente.

3) Deberá adxuntarse á solicitude de primeira ocupación da edificación rematada o alzado oeste agora modificado segundo a documentación aportada dentro do Proxecto de Urbanización de obras ordinarias referenciado anteriormente e presentado o día 10 de agosto de 2018.-

Deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Dezanove euros con vinte e seis céntimos (19,26 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.-

C) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

ENTENDER VIXENTE a Licenza urbanística concedida por esta Xunta o día 19 de Outubro de 2006 en favor de EVA CANOSA LADO, para proceder a construción dunha Vivenda Unifamiliar composta de planta baixa e planta Alta a emprazar nunha parcela sita na localidade de A Insua en base o Proxecto Básico e de Execución redactado a tal efecto polo Arquitecto Alfredo Santiberi Jordan visado con data 20 de Abril de 2005 que consta no expediente, ante a existencia da mesma normativa urbanística e non existir expediente de Caducidad de Licenza.-

D) Visto o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación con data 8/08/2018, a Xunta do Goberno local por unanimidade dos asistentes, acorda proceder a devolución da fianza imposta con data 9 de Abril de 2016 nun importe

cincocientos euros (500,00 €) por parte de JUAN BAUTISTA CANOSA LIÑEIRO, como consecuencia da Licenza urbanística concedida no seu día para apertura de gabia con motivo da realización das obras de conexión coa rede de saneamento destinada á vivenda

E) Vista a Comunicación Previa presentada por parte de MANUEL MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, (Rexistro de Entrada 2.129 de 23/07/2018) para proceder á realización de obras consistentes na substitución da tella do país por uralita na cuberta dunha vivenda (Referencia Catastral 8607607MH580N0001KT),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 28 de Agosto de 2018 que non se poden levar a cabo ditas actuacións por non cumprir coa normativa da aplicación ó pretender utilizar uralita como material de cubrición e non tella curba de barro cocido propia do país.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda Denegar ó promotor o título habilitante polas razóns antes expostas.-

3º.- Asuntos varios.-

SUBVENCIÓN TECNICO DE EMPREGO

Á vista da Orde do 23 de Xullo de 2018 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2018 publicada no Diario Oficial de Galicia 152 do 9 de Agosto de 2018 por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Aprobar a memoria redactada para o Plan de Acción de Emprego que desenvolverá o Axente Local nesta materia dentro desta Corporación e comprensiva dos aspectos contidos no artigo 6º - 4 b) da citada Orde cun custo anual de prórroga en contratación que ascende a cantidade de Trinta e un mil catrocentos noventa euros con sesenta e catro céntimos (31.490,64 €) en concepto de Salarios e cotizacións empresariais á Seguridade Social.-

2º.-Solicitar á citada Consellería unha Subvención por importe total de Sete mil oitocentos setenta e dous euros con sesenta e seis céntimos (7.872,66 €) para dita finalidade equivalente ó 25 % do presuposto total da súa contratación.-

3º.- Compromiso firme de aportación municipal da cantidade de Vinte e tres mil seiscentos dezasete euros con noventa e oito céntimos (23.617,98 €) con cargo ó Presuposto Ordinario de 2018 onde existe consignación para dita finalidade.-

4º.- Facultar ó Alcalde para que no nome e representación deste Concello proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

CERTIFICACIÓN OBRA

Una vez examinada e encontrándoa conforme por axustarse a realidade, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a Certificación Única da Obra denominada "**URBANIZACION RÚA ATALAIA-FISTERRA**" expedida por **Búa Construcciones y Servicios S.L.** con CIF B70355615 e domicilio social na localidade de Senra-Bustelo do Termo Municipal de Dumbria incluída no Plan de Obras e Servizos (POS+ADICIONAL 2017) da Excma Diputación Provincial por un importe total de Oitenta e dous mil cincocentos euros (82.500 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, debidamente asinada polo Director de Obra e Contratista Adxudicatario.-

Asimesmo remítase ó citado Organismo para o libramento da aportación provincial concedida para tal finalidade.-

AXUDAS ECONÓMICAS

Visto o Informe emitido polo Departamento de servizos Sociais desta Corporación que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a **M. M. F. S.**, veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Douscentos euros (200 €) para gastos de primeira necesidade por tratarse de persoa carente de medios económicos.--

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión**, ás **22:00 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.